

Estimada familia:

Ante esta situación imprevista, dende o equipo docente de Educación Infantil queremos lembrarllas a necesidade de continuar realizando, no fogar, diversas actividades didácticas esenciais para a aprendizaxe dos nenos e nenas; pese a estar convencidas de que xa estarán levando a cabo moitas e moi variadas. Todos os traballos feitos poderán traelos ao colexio á volta para expoñelos en común.

Por iso, facémoslles chegar unhas suxestións para levar a cabo voluntariamente ata o restablecemento das clases. Non sen antes recordarllas a necesidade, tan consensuada polos especialistas, de manter os horarios (para durmir, comer, xogar...) e tamén, na medida en que sexa viable, as rutinas diarias; para que a volta á normalidade se faga o máis sinxela posible.

As nosas propostas son as seguintes:

- Aprender unha adiviña, unha poesía, un trabalinguas, unha canción...
- Lerlles un conto cada día e que o reproduzan despois cas súas palabras.
- Realizar unha receita de cociña e deixala por escrito (dependendo da idade). Tamén, axudar a facer a lista da compra.
- Escribirlle unha carta a un amigo ou facerlle unha chamada.
- Visitar un museo online ou facer un viaxe dende *Google Earth*.
- Debuxar, pintar, recortar e pegar (con distintos formatos e materiais).
- Inventar un baile ou coreografía escoitando música.
- Axudar nas tarefas da vida cotiá (poñer a colada ou a mesa, facer a cama, dobrar a roupa, ordenar o cuarto...).
- Xogar a xogos de mesa ou completar puzzles.
- Traballar con plastilina, arxila, *slime* ou similares e tratar de escribir ou facer figuras con eles.
- Representar un fragmento dunha obra teatral. Tamén disfrazarse ou pintarse as uñas.
- Realizar manualidades con materiais reciclados.
- Facer colares e pulseiras (por exemplo, con macarróns).
- Coller garavanzos e ilos contando -de 1 en 1, de 2 en 2...- ao metelos de volta nun bote.
- Facer sesións de cine ou xogar a adiviñar películas vendo unha escena das mesmas.
- Xogar ás palabras encadeadas, ao mapa do tesouro, ao "veo-veo"...
- Facer cabanas, montar unha tenda, realizar mini-construcións, botar carreiras con avións de papel, etc.
- Aproveitar a relativa "calma" para traballar na autonomía: vestirse e desvestirse, calzarse, abotoarse, subir e baixar cremalleiras...

A maiores, animamos ao alumnado de **5 anos** a tratar de plasmar, a modo de diario, as actividades que vaian realizando cada día: escribindo, debuxando, pegando recortes ou noticias... para non perder o ritmo de traballo que viñan mantendo.

Por último, todos debemos recordar a necesidade de actuar con responsabilidade e sentido común, seguindo as recomendacións das autoridades sanitarias e permanecendo nas nosas casas, o cal non deixa de ser unha oportunidade para pasar tempo en familia e a nosa mellor contribución posible á pronta recuperación da normalidade. Córdense.

Atentamente, un saúdo do equipo de Educación Infantil.